



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

Alá encima vei o tiruliro
ai, alá embaixo vei o tirulirulá
/: axuntaron os dous na varanda
a face-la porpaganda
pra guerra non acabar. :/

/: Ó comadre, miña comadre,
ai, eu gosto da súa pequena :/
/: é bonita, e preséntase ben
i o millor que ela ten
é a face morena. :/

/: Alá encima ven o tiruliru
ai, alá embaixo ven o tirulirulá :/
/: axuntáronse os dous nunha esquina
tócala concertina, bailar o solidão (?) :/

/: Ó comadre, miña comadre,
ai, eu gosto da súa alcatraia :/
/: é bonita e preséntase ben
i o millor que ela ten
é debaixo da saia. :/

/: Ó comadre, miña comadre,
deixa ir a pequena á festa :/
/: é bonita e preséntase ben
i o millor que ela ten
son os cornos na testa. :/

/: Alá encima ven o caramuna
ai, alá embaixo ven o sal sala sal :/
/: axuntaron os dous na varanda
a facela porpaganda
pra guerra non acabar. :/